



A profesionalización do oficio de escribir e traducir

Sección: Linguas Minoritarias y Cooficiales
en 02 Oct, 2014 - 12:25

A ASOCIACIÓN DE ESCRITORAS E ESCRITORES EN LINGUA GALEGA NO ENCONTRO DA FEDERACIÓN GALEUSCA 2014

O lema deste ano é «A profesionalización do oficio de escribir e traducir»

A delegación galega viaxa mañá a Barcelona para asistir ao encontro o sábado 4 de outubro

Conforman a delegación galega os escritores Suso de Toro, Leticia Costas, Mercedes Queixas e Cesáreo Sánchez Iglesias

(A Coruña, 2 de novembro de 2014) A Federación Galeusca, integrada pola Asociación de Escritores en Lingua Catalá (AELC), a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) e Euskal Idazleen Elkarte (EIE) celebrará o seu encontro anual o primeiro sábado de outubro en Barcelona.

O tema central desta reunión é «A profesionalización do oficio de escribir e traducir». Presentarase o estudo do CoNCA "36 propostas para a mellora da condición profesional no mundo da cultura" e o estudo, realizado pola AELC, "Escribir en catalán: estado da profesionalización. Os efectos da crise económica sobre o colectivo de escritores", a cargo dos seus autores. Representantes das delegacións galega e vasca intervirán para expor a situación no seu ámbito territorial, e haberá espazo de debate e reflexión.

A delegación galega estará formada por Cesáreo Sánchez, presidente da AELG, Mercedes Queixas, secretaria xeral, e os relatores Leticia Costas e Suso de Toro; a delegación vasca por Jasone Osoro, presidenta EIE, Maite Toledo e Yolanda Arrieta.

O mesmo día, despois da asemblea anual da Federación, Maria del Mar Bonet porá o colofón do encontro cun recital poético e musical.

Programa do Encontro da Federación Galeusca 2014

11:00h Presentación do estudo realizado polo CoNCA: "36 propostas para a mellora da condición profesional no mundo da cultura", a cargo do bufete de avogados Brun & Guiu: Joan Antoni Borrell Alonso (temas laborais), Lluís Brun Menéndez (temas de contratación e propiedade intelectual) e Josep Guiu Badia (temas fiscais).

Intervención por parte das tres asociacións sobre os temas do estudo (temas do ámbito tributario, laboral, contractual e formativo).

16:00h Presentación do Estudo "Escribir en catalán: estado da profesionalización. Os efectos da crise económica sobre o colectivo de escritores", a cargo dos sociólogos autores do estudo: Marc Aguilar e Lluís Mangot.

Problemas da profesionalización nas letras vascas e galegas a cargo dun representante de cada asociación.

18:30h Asemblea anual da Federación Galeusca.

19:30h Actuación de Maria del Mar Bonet con Borja Penalba

As asociacións de escritoras e escritores en catalán, éuscaro e galego formaron a Federación Galeusca o 15 de xuño de 2008, en Poblet, coincidindo co 25 aniversario da reunión anual Galeusca creada para establecer relacións entre os creadores/as de obras literarias nas tres linguas minorizadas de España. O obxectivo da súa creación é que as tres asociacións teñan un instrumento legal para a coordinación e a acción conxunta, e tres anos despois, a Federación Galeusca converteuse nunha ferramenta que é esencial para a afirmación da profesión e combater a invisibilidade social dos escritores/as nas tres linguas.

A creación da Federación permitiu establecer cinco obxectivos claros:

1. A representación, a promoción e a defensa dos escritores e escritoras en linguas catalá, galega e vasca.
2. A coordinación das accións en vista a unha maior eficacia na defensa dos dereitos profesionais en todos os seus aspectos.
3. A actuación conxunta ante organismos e institucións da administración pública, tanto no ámbito estatal como autonómico e europeo, e aquelas de carácter privado en calquera destes ámbitos.
4. O impulso da normalización do feito literario nas súas diversas manifestacións, da profesión de escritor e escritora e do uso social e creativo das linguas.
5. O fomento das relacións con outras Federacións ou Asociacións que representen os intereses de escritores e escritoras, así como aquelas que agrupen ás empresas ou axentes que vehiculan a difusión e a comunicación da produción literaria en todos os seus xéneros.